



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Maio 2019


Santiago de Compostela, 05 de xullo de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Maio 2019

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en maio de 2019 un retroceso do 6,9% con respecto a maio de 2018, mentres que a nivel nacional rexistrouse un crecemento do 1,8%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 4,7%. Pola contra, os bens de equipo, os intermedios e a enerxía retrocederon un 0,5%, 5,8% e 29,0% respectivamente.
- Por ramas de actividade as maiores achegas negativas corresponden a: “a produción de enerxía eléctrica”, que resta 5,0 puntos e a “metalurxia” que resta 0,7 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destacan: “outras industrias extractivas” que achega 0,7 puntos, a “industria da alimentación” xunto coa “fabricación de bebidas” que achegan 0,6 puntos cada unha delas á taxa interanual do índice xeral.

Índice de producción industrial (IPI). Maio 2019



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de maio de 2019 en Galicia rexistrou un retroceso do 6,9% en taxa interanual, mellorando en 3,9 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-10,9%). En España rexistrouse un avance do 1,8%, mellorando en 3,8 puntos a taxa acadada no mes anterior (-2,0%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 4,7%, o que achega 1,1 puntos á taxa interanual
- Os **bens de equipo** rexistran un retroceso do -0,5%, o que resta 0,1 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** baixan un 5,8%, cunha repercusión negativa de 1,7 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un 29,0% restando 6,2 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de abril de 2019, por destino económico, os bens de consumo melloran 1,1 puntos, os bens de equipo suben 10,9 puntos, os bens intermedios melloran 5,0 puntos e a enerxía baixa 4,8 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan as maiores achegas negativas á taxa interanual de maio foron: “a produción de enerxía eléctrica”, que resta 5,0 puntos e a “metalurxia” que resta 0,7 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas destacan: “outras industrias extractivas” que achega 0,7 puntos, a “industria da alimentación” xunto coa “fabricación de bebidas” que achegan 0,6 puntos cada unha delas á taxa interanual do índice xeral.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de maio moveuse entre o -6,9% de Galicia e o 13,8% de Murcia. Ademais da devandita, presentan crecementos interanuais positivos: Madrid (11,1%), Extremadura (5,3%), Aragón (4,5%), Navarra (3,1%),


Andalucía (2,1%), Castilla - La Mancha (2,0%), Cantabria (1,9%), Comunitat Valenciana (1,2%) e País Vasco (0,9%).

IPI maio 2019
Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Maio 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	108,6	-6,9	-7,1	--	--
Bens de consumo	129,7	4,7	3,2	1,1	0,7
Bens de equipo	111,5	-0,5	-1,1	-0,1	-0,2
Bens intermedios	129,1	-5,8	-7,7	-1,7	-2,2
Enerxía	67,8	-29,0	-20,4	-6,2	-5,3
España					
Xeral	114,8	1,8	0,4	--	--
Bens de consumo	115,2	6,4	2,0	1,6	0,5
Bens de equipo	125,8	1,7	2,4	0,4	0,6
Bens intermedios	120,0	-1,5	-0,1	-0,5	0,0
Enerxía	95,8	1,4	-3,2	0,2	-0,6

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Maio 2019

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-6,9		-7,1		
Outras industrias extractivas	109,4	0,7	29,0	0,2	1,1
Industria da alimentación	4,5	0,6	3,7	0,5	13,2
Fabricación de bebidas	14,8	0,6	12,1	0,4	3,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	5,6	0,5	6,9	0,6	7,7
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	4,7	0,2	-14,4	-0,5	4,1
Industria téxtil	21,0	0,1	16,1	0,1	0,6
Outras industrias manufactureiras	10,3	0,0	4,7	0,0	0,5
Confección de roupa de vestir	-1,8	-0,1	1,3	0,1	4,1
Industria do papel	-6,0	-0,2	-2,0	0,0	2,2
Fabricación de mobles	-13,6	-0,2	-10,9	-0,1	1,1
Fabricación doutro material de transporte	-9,9	-0,3	-5,0	-0,1	2,0
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-9,7	-0,3	-7,4	-0,2	2,0
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-11,1	-0,3	-14,5	-0,3	1,4
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-9,6	-0,3	-11,0	-0,3	2,5
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-3,1	-0,4	-0,9	-0,1	13,1
Industria química	-22,1	-0,4	-5,8	-0,1	1,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-13,4	-0,4	-9,6	-0,3	2,6
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-9,7	-0,4	-5,7	-0,2	3,6
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-12,7	-0,7	-23,5	-1,4	5,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-30,3	-5,0	-23,9	-5,0	22,3
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Maio 2019

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	114,8	1,8	0,4
Galicia	108,6	-6,9	-7,1
Andalucía	105,3	2,1	2,3
Aragón	122,0	4,5	2,0
Asturias	107,6	-0,5	-0,5
Baleares (Illes)	99,0	-3,8	-5,8
Canarias	99,4	-3,0	-0,6
Cantabria	121,8	1,9	-0,1
Castilla - La Mancha	106,2	2,0	2,3
Castilla y León	108,6	-1,4	-2,1
Cataluña	116,9	-0,9	-0,9
Comunitat Valenciana	115,7	1,2	1,5
Extremadura	106,2	5,3	-2,1
Madrid	118,9	11,1	2,9
Murcia	131,2	13,8	7,7
Navarra	122,4	3,1	1,0
País Vasco	120,2	0,9	1,2
Rioja (La)	96,6	-2,8	-2,6

Fonte: INE